



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 15 DE DECEMBRO DE 2020

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria ordinaria que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo martes 15 de decembro de 2020 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.
2. DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E ASUNTOS VARIOS.
3. APROBACIÓN REGULAMENTO DE REPARTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BETANZOS.
4. PRORROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BETANZOS
5. MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 18 E Nº 19
6. ALEGACIÓNS RPT
7. MOCIÓN DO PP PARA CREACIÓN DUNHA MESA DE SEGUEMENTO DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN ÁREA REXURBE.
8. MOCIÓN DO BNG SOBRE O RÍO PELAMIOS.
9. MOCIÓN DO BNG DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO.
10. MOCIÓN DO PP SOBRE ELABORACIÓN DUN CENSO DE MAIORES.
11. ROGOS E PREGUNTAS

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 03/09/2019)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés